

# NORMATIVA POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobada en Consello de Goberno, 20-12-04)

Consonte ó establecido no artigo 21 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela correspóndelle ó Consello de Goberno aprobar un regulamento de persoal docente e investigador no marco das bases que estableza o Claustro.

O Claustro na súa sesión do día 2 de decembro de 2004 acordou, ó abeiro da Disposición Transitoria Décima dos estatutos, que en tanto no se produzan as modificacións normativas anunciadas polo Goberno, o Consello de Goberno aprobe unha normativa provisoria para aqueles aspectos que precisan dunha regulación inmediata axustada ó actual marco normativo.

O artigo 70.1 da LOU determina que *“Cada universidade pública establecerá anualmente no estado de gastos do seu orzamento a relación de postos de traballo do seu profesorado...”*.

En consecuencia, procede presentar ó Consello de Goberno a seguinte proposta de **Normativa pola que se regula o procedemento de elaboración e aprobación da relación de postos de traballo do persoal docente e investigador da USC**

## **Artigo 1. Contido**

1. A relación de postos de traballo (RPT) do persoal docente e investigador a que alude o artigo 70 da LOU incluírá a referencia de todas as prazas, tanto do persoal dos corpos docentes universitarios como do persoal docente e investigador contratado, que se clasificarán e ordenarán reflectindo os seguintes aspectos:

- a. O número de identificación de cada praza
- b. A categoría académica
- c. A área de coñecemento e o departamento
- d. O réxime de dedicación
- e. A localidade
- f. Outras especificacións que requiran determinadas prazas

2. A RPT poderá indicar, co carácter de “Prazas non singularizadas”, o número de prazas de cada modalidade de persoal docente e investigador, sen exceder no seu conxunto do 2% do total das prazas de PDI, nas que a área de coñecemento e o posto de traballo deban ser determinados por ulterior resolución reitoral, por proposta do Consello de Goberno, en atención a necesidades académicas sobrevidas. As devanditas prazas incluíranse necesariamente na primeira modificación da RPT que se acometa, coa súa adscrición e perfil completos.

## **Artigo 2. Criterios de elaboración**

De conformidade co establecido no artigo 16 dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, na relación de postos de traballo consignaranse, clasificados polos campus de Santiago e Lugo, os distintos postos, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e respectando os seguintes criterios:

- a. As necesidades dos programas de estudo, nos seus distintos ciclos, e de investigación, que tenda a unha proporción profesorado/estudantado por grupo que permita unha docencia e unha investigación de crecente calidade e ao equilibrio capacidade-encargo docente entre áreas.
- b. As esixencias do persoal que se derivan da ampliación do número de centros e titulacións.

- c. A conveniente proporcionalidade na fixación do número de prazas de cada categoría, que permita a promoción académica.
- d. A progresiva normalización e o respecto dos dereitos lingüísticos, para o que se poderá, de ser o caso, establecer perfis lingüísticos dalgúns postos de traballo.

### **Artigo 3. Aprobación**

1. A aprobación da RPT corresponderá ó Consello de Goberno, logo da negociación cos órganos de representación do persoal docente e investigador e co informe do Consello Social, debendo informar ó Claustro da súa aprobación.
2. A RPT será válida e eficaz trala súa aprobación polo Consello de Goberno, sen prexuízo da súa divulgación na Universidade e no Diario Oficial de Galicia.

### **Artigo 4. Modificación**

As prazas incluídas na RPT poderán ser obxecto de ampliación, minoración e cambio de denominación, dedicación ou localidade.

Corresponde aos Consellos de Departamento a formulación das demandas de profesorado, no marco das necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de terceiro ciclo, así como informar preceptivamente sobre a procedencia do mantemento, minoración, cambio de denominación, de dedicación ou de localidade dunha praza.

2. Corresponde ó Consello de Goberno, por proposta da Comisión de Organización Académica e Profesorado e trala correspondente negociación cos órganos de representación do PDI, determinar a creación e supresión de prazas de persoal docente funcionario e contratado así como, se procede, cambiar a denominación, a dedicación ou a localidade das prazas incluídas na RPT.

3. O Consello de Goberno informará das modificacións da RPT ó Consello Social con ocasión da aprobación do orzamento.

4. En aplicación do Concerto entre a USC e o Sergas para a utilización das institucións sanitarias na investigación e docencia universitarias, corresponde á Comisión Mixta de seguimento adoptar os acordos sobre propostas de vinculación de prazas nas áreas de ciencias da saúde. Tamén poderá elaborar informes e estudos relativos á necesidade de reducir ou ampliar o número de prazas vinculadas e de profesorado asociado destinadas ó persoal de institucións sanitarias concertadas, así como analizar os informes que os departamentos universitarios emitan sobre o particular. Con este obxecto poderá solicitar informes ós centros correspondentes. En relación coas prazas vinculadas, coas de profesor asociado con actividade docente nas institucións sanitarias e coas de axudante de ciencias da saúde, corresponde a esta Comisión cursar as propostas de modificación do cadro de persoal ós órganos competentes na materia.

5. En aplicación do Convenio entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Rof Codina, as modificacións na RPT relativas a prazas vinculadas e de profesor asociado de áreas clínicas veterinarias corresponden ó Consello de Goberno logo da súa aprobación pola comisión de seguimento do Convenio, tralo informe do departamento universitario correspondente. Con este obxecto poderá solicitar informes á Facultade de Veterinaria.

### **Artigo 5. Cadro de persoal**

1. A inclusión dunha praza na RPT non comporta necesariamente a dotación orzamentaria no exercicio correspondente, estando unicamente garantido o financiamento das prazas do cadro de persoal.

2. O cadro de persoal vén dado por aquelas prazas da RPT das que a súa cobertura se estima necesaria no exercicio e para o que se conta con dotación orzamentaria. O montante global do custo do cadro de persoal será elevado ó Consello Social para a

súa aprobación xunto co orzamento. Este órgano poderá emendar a súa contía pero non prexulgar o número nin o carácter das prazas de persoal docente e investigador.

3. A provisión efectiva das prazas, tanto de funcionarios como de contratados, requirirá a existencia de crédito orzamentario bastante, así como a apreciación das necesidades de provisión polos órganos de goberno competentes.

4. Con carácter previo á convocatoria de concursos para a provisión de prazas vacantes, estas poderán ser ofertadas ós profesores da mesma categoría e área de coñecemento que ocupen postos co mesmo réxime de dedicación en distinta localidade, procurando manter en todo caso a estrutura do cadro de persoal de ambos campus.

#### **Disposición final primeira**

Facúltase ó reitor para dictar as instrucións que sexan necesarias para a interpretación e aplicación desta normativa.

#### **Disposición final segunda**

A presente normativa entrará en vigor o día seguinte ó da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.